



PLAN DIGITAL

IES DE BECERREÁ

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES de Becerreá.

Castelo s/n. 27640. Becerreá.

ies.becerreia@edu.xunta.gal

Centro dunha liña na ESO e Bac, cunha media de 115 alumnos/as nos últimos anos e 24 profesores/as.

O centro representa o único instituto na comarca da Montaña Lucense e concellos limítrofes a esta (Baralla, Castroverde, ...) dos que recibimos alumnado no Bacharelato, onde adoitamos ter os cursos máis numerosos debido á cantidade de alumnos e alumnas que recibimos desde estes concellos de fóra da comarca.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES de Becerreá localízase no concello do mesmo nome, porta xeográfica da comarca da Montaña Lucense, que se caracteriza por ter unha das densidades de poboación máis baixa de Galicia e un índice socioeconómico medio-baixo. O alumnado da ESO procede dos Concellos de Becerreá e As Nogais, nunha parte importante de pequenos núcleos rurais, e polo tanto, son usuarios dos servizos de transporte e comedor escolares.

Desde o curso 2007/08 estamos dentro do programa de **Seccións Bilingües** na ESO (materia de Educación Física en todos os cursos). No 2012/13 comezou a nosa participación no **Proxecto Abalar**, e estamos integrados no **Proxecto E-Dixgal** desde o curso 2017-18. Por esta razón, a maioría do profesorado actual do centro participamos nun proxecto de formación en centro sobre o mesmo nos cursos 2017-18 e 2018-19. Desde o curso 21-22, este proxecto estendeuse a todas as materias dos cursos 3º e 4º da ESO. Igualmente, desde a incorporación a este último proxecto, apreciouse unha máis que significativa mellora da conectividade a internet por parte das familias, xa que dunha situación na que aproximadamente a metade delas non posuía conexión á rede, agora estamos diante dunha situación na que practicamente a totalidade dos fogares do noso alumnado si posúe equipamento informático propio e conectividade a internet.

Con este Plan Dixital esperamos poder sistematizar as actuacións transversais que, dentro do Proxecto Edixgal, se reflectan dentro do apartado e “Obxectivos e actuacións prioritarias para o curso 2022-23” da nosa Programación Xeral Anual do vindeiro curso, coa intención de continuar e afondar no proceso de integración das ferramentas dixitais no que nos atopamos actualmente, baseado nas etapas anteriores desenvoltas tanto desde o Proxecto Abalar como desde o actual Edixgal.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do centro desenvólvese atendendo ás indicacións normativas recollidas na seguinte relación:

-
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Seguindo o recollido no punto 3 do apartado Cuarto da Resolución do 3 de setembro de 2021 mencionada arriba, no centro decidimos non configurar un Equipo de Dinamización do Plan Dixital ao ser un instituto de menos de oito unidades, sendo a persoa coordinadora do mesmo o director do centro. Logo este documento deseñouse e elaborouse polos oito profesoras e profesores participantes no PFPP asociado a este plan, constituído por un curso de formación e un grupo de traballo. Seguíronse os pasos e etapas detalladas na citada Resolución (informe Selfie, informe DAFO, ...) ata chegar a este documento final.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro posúe unha moi boa conectividade a internet desde a nosa integración no Proxecto Edixgal, tanto por fibra óptica como por rede wifi, con antenas recambiadas durante o curso 21-22, abarcando todos os espazos dos dous edificios do centro.

Todos os grupos da ESO se integran no Proxecto Edixgal con todas as materias (a excepción de Física e Química).

O centro tamén conta co equipamento enviado pola administración educativa dentro do proxecto “Educa en dixital”, para aliviar situacións de fenda dixital que puideran darse entre o noso alumnado, ou para o seu aproveitamento noutras circunstancias que o fixeran necesario.

Todas as aulas do centro posúen equipamento informático para o profesorado, un proxector e case todas están dotadas de encerado dixital. Nas oficinas do centro, despachos de dirección e conserxería existe dotación informática dispoñible para todo o persoal, ademais de conexión en liña coas dúas fotocopiadoras do centro. As salas de profesores dispoñen de catro ordenadores

destinados ao profesorado, e unha delas, está dotada con proxector e puntos de conexión a internet nas mesas de traballo. Cada departamento conta, ademais de co equipamento Edixgal do que pode dispoñer o profesorado, cun ordenador portátil.

En cada un dos edificios existe unha aula de informática, dotadas cun total de 15 ordenadores no edificio vello e 28 no edificio novo, con prestacións actualizadas.

Na biblioteca do centro están instalados cinco postos informáticos para o alumnado, ademais do dispoñible para o persoal que forma parte do equipo da biblioteca. Todos eles están conectados en liña coa impresora para cubrir as necesidades que se poidan requirir.

Todos os departamentos do centro teñen creados cursos na Aula Virtual, incluíndo ao departamento de Orientación, que ofrece información aberta a toda a comunidade educativa desde aí. Na páxina web do centro existen apartados con información específica para as familias, o alumnado e nela atópanse dispoñibles distintos documentos organizativos do centro, desde o PEC a Plan de Convivencia, ademais de toda a información referida a situación Covid, protocolos varios, ... Tamén figuran enlaces a distintos blogs do centro (do EDL, da biblioteca, ...), á edición dixital da nosa revista (A Rebola), á galería de fotos, ... Está dispoñible nela a nosa “secretaría virtual”, desde a que a nosa comunidade educativa e antigo alumnado ten acceso a documentos, solicitudes e formularios variados.

Bao parte do profesorado comunícase coas familias a través da aplicación Abalarmóbil, e esta é a ferramenta prioritaria para os comunicados conxuntos que o equipo directivo realiza cara ás familias.

Para poder completar labores administrativas e de xestión do centro, o equipo directivo traballa cunha conta de Dropbox, para poder compartir a documentación e manter copias de seguridade actualizadas en todo momento. Tamén se utiliza unha conta en Google Drive para o intercambio de información e documentación de titorías por parte do profesorado. Nunha conta da aplicación “Calameo” publicamos a edición dixital da revista do centro, así como outros traballos que, pola súa calidade ou interese, queremos compartir con calquera persoa que teña interese nel.

O noso coordinador Edixgal, xunto co equipo directivo, xestionan o mantemento de todo o equipamento, con independencia da súa procedencia. Supervisan a dotación informática adquirida polo propio centro e cando esta precisa de intervencións de especialistas, trasladan os equipamentos á empresa coa que se adoitan desenvolver estas tarefas e se adquire dito material.

A meirande parte do equipamento informático do centro foi adquirido cos recursos propios, ben para novas dotacións ou para substituír equipamento enviado pola administración pero xa claramente desfasado e inutilizable.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do informe SELFIE en cada etapa educativa do centro:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	BAC
A - Liderado	Equipo Direct.	4,2	4,2
	Profesorado	4,2	4,1
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4	3,6
	Profesorado	3	3,2
	Alumnado	3,5	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,3	4,3
	Profesorado	4,1	4,1
	Alumnado	4,5	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4,3
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4	4,5
	Profesorado	4,2	4,1
	Alumnado	4,4	4,4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,1	4,3
	Profesorado	3,3	3,3
	Alumnado	3,5	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4	3,9
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	3,4	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,2	4,1
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado	3,7	3,6

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	19	94,70%
PROVISIONAL	1	1	100,00%
INTERINO	3	3	100,00%
SUBSTITUTO	3	3	100,00%
OUTRO	0	1	0,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
	Integrador/a (B1)		Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	70,3	Integrador/a (B1)		Integrador/a (B1)
BAC	71,6	Integrador/a (B1)		Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	14	56,00%
B1	7	28,00%
B2	3	12,00%
C1	1	4,00%
C2		
TOTAL	25	100,00%

Para a análise DAFO tamén se tivo en conta a elevada participación do profesorado do centro nos PFPP dos cursos 17-18 e 18-19, o que nos deu algunhas claves para establecer puntos fortes en dito informe.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1, C2, C3, C8, C10, Suficiente dotación de equipamento informático para alumnado e profesorado, e boa conectividade á rede.	C7. Insuficiente percepción da existencia de sistemas de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	D3. Percepción positiva do intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. E2. Suficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza. E3. Suficiente utilización de entornos virtuais de aprendizaxe. E4. Si se utilizan as tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa. D2. Suficiente acceso ás posibilidades de DPC F4. Percepción positiva respecto a unha maior participación e implicación do alumnado nas tarefas cando se utilizan ferramentas dixitais. G8. Facilitase ao alumnado tecnoloxía dixital para documentar a súa aprendizaxe e estudo. Suficiente compromiso do profesorado no Proxecto Edixgal, no que participan todas as materias da ESO agás unha.	B1. Insuficiente avaliación dos progresos propios sobre a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. F5. Uso insuficiente das novas tecnoloxías para fomentar actividades cooperativas co alumnado. F6. Non se fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. G6. Insuficiente utilización das tecnoloxías dixitais para facilitar experiencias de coavaliación entre o alumnado.
	PERSOAL NON DOCENTE	Ten acceso á rede wifi do centro e conexión en rede dos ordenadores dos que dispoñen ás fotocopiadoras. Equipamento informático actualizado. Os/as auxiliares de conversa non teñen acceso á rede corporativa nin ao EVA (Edixgal).	

	ALUMNADO	C8, C10. O centro posúe ou xestiona suficientes dispositivos dixitais para que o alumnado utilice cando os precise, incluso no seu fogar. H3. Si aprende a actuar de maneira responsable en internet. H4. Si aprende a comprobar se a información atopada en internet é fiable e precisa. H7. O alumnado aprende a crear contidos dixitais. H10. Asegúrase o uso das tecnoloxías dixitais desde diferentes materias.	G5, G6. Insuficiente práctica de autoavaliación e coavaliación do alumnado empregando ferramentas dixitais (ESO) H6. O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atopa en internet.
	FAMILIAS	E4. Suficiente aproveitamento dos medios dixitais para a comunicación coas familias.	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A1, A2, A3. Si existe unha estratexia dixital, na que o profesorado se sente involucrado e percibe o apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxía dixital. A información para titores/as recóllese mediante ferramenta dixital.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Desenvolvemento do Proxecto Edixgal e dotación informática e conectividade á rede axeitada ás necesidades de dixitalización. A oferta de PFPP directamente relacionados coas tecnoloxía dixitais e a súa aplicación no ensino.	Tempo insuficiente/inexistente no horario do profesorado para explorar e/ou afondar nas posibilidades do ensino a través de medios dixitais.
	LEXISLACIÓN		Lexislación relacionada coa educación moi ampla e variada, con moita a carga burocrática sobre os centros e os seus profesionais.
	CONTORNA	Suficiente dotación de equipamento informático entre as familias e conectividade a internet nos fogares, incrementados desde a nosa integración no Proxecto Edixgal. As familias aceptaron de moi bo grao a participación no Proxecto Edixgal, tanto desde o seu inicio como na ampliación a 3º e 4º da ESO.	Apoio técnico limitado ou inexistente nos fogares. Calidade da conexión a internet mellorable, en moitos casos, para as familias.
	ANPA	Creada este curso, temos agora a oportunidade de colaborar estreitamente no eido dixital do centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración co Concello de Becerreá para a organización e desenvolvemento de actos conxuntos con motivo de efemérides ou celebracións concretas. Participación no "Plan director para a convivencia" (organizado desde a Delegación do Goberno en Galicia) no referido ao uso correcto das tecnoloxías dixitais.	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos técnicos e humanos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para deseñar o Plan de Acción, establecéronse áreas prioritarias de actuación na práctica para o próximo curso e seleccionáronse os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos acadar. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Na seguinte táboa reflíctense os obxectivos que queremos acadar, así como os indicadores que permiten valorar o logro do obxectivo. Tamén se contempla nela as accións a desenvolver en relación con cada obxectivo, os responsables de levalas a cabo, a temporalización establecida en cada caso e os recursos precisos segundo cada acción.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: LIDERADO						
1. OBXECTIVO (1):	Incrementar a utilización das fichas dixitais compartidas para as titorías, nas que se recolle, por materias, información que se traslada ás familias				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que informa aos titores/as a través destas fichas cando lles é solicitado por estes/as.					
Valor de partida (3)	50%, aproximadamente, do profesorado participa habitualmente.					
Valor previsto e data (4)	Participación habitual nos distintos cursos por enriba do 75%.			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Elaborar as fichas individuais de titorías para todos os cursos e compartilas con profesorado de cada curso.	Equipo directivo	30/09/2022	Enderezos electrónicos do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Instruír ao profesorado de nova incorporación	Equipo directivo	30/09/2022	Dispositivos con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Potenciar o uso destas ferramentas de información para as titorías coas familias.	Persoas titoras	20/06/2023	Dispositivos con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: LIDERADO						
2. OBXECTIVO (1):	Potenciar a subscrición do profesorado na aplicación “Espazo Abalar” e fomentala na nova aplicación “AbalarPro”				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado subscrito e/ou usuario habitual das aplicacións					
Valor de partida (3)	65% xa subscrito en “Espazo Abalar” e titores/as e equipo directivo usándoa habitualmente					
Valor previsto e data (4)	O 85% do profesorado subscríbese nas aplicacións para o seu uso cotiá			22/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Divulgar as características de cada aplicación a través do curso “Titoriais” existente para o profesorado na A.V.	Persoa coordinadora TIC, equipo directivo	31/10/2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Fomentar a utilización das ferramentas comunicando ás familias o uso preferente das mesmas para comunicar co profesorado.	Persoa coordinadora TIC, equipo directivo	Ao remate das xuntanzas iniciais do curso	Espazo Abalar, páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Comprobar nº de subscritores e utilización efectiva das aplicacións.	Equipo directivo	Ao remate de cada trimestre	Dispositivos con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA						
3. OBXECTIVO (1):	Manter/potenciar o nivel de uso da Aula Virtual do centro na etapa de Bacharelato				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de participación dos departamentos na creación de cursos, materiais e tarefas na A.V. destinados ao Bacharelato					
Valor de partida (3)	0 100% dos departamentos crean cursos, recursos, ...					
Valor previsto e data (4)	0 80% dos departamentos solicitan trimestralmente entrega dalgunha tarefa, incluíndo o ofrecemento de retroalimentación ao alumnado sobre as mesmas.				20-06-2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Dar de alta na A.V. ao alumnado de cada curso de Bac	Persoa coordinadora TIC, equipo directivo	15/09/2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Matricular ao alumnado nos distintos cursos das materias de cada curso.	Profesores das materias, persoa coordinadora TIC	30/09/2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Solicitar, cando menos, a entrega dunha tarefa trimestralmente, especialmente no 1º curso da mesma, ofrecendo retroalimentación ao alumnado.	Profesores das materias	20/06/2023	Aula virtual, dispositivos con conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN							
4. OBXECTIVO (1):	Introducir prácticas de avaliación e autoavaliación no proxecto transversal do centro “Hora de ler”					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e de biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de participantes nos procedementos de avaliación e autoavaliación trimestrais						
Valor de partida (3)	Sen datos previos						
Valor previsto e data (4)	75% do alumnado desenvolve a avaliación e autoavaliación nesta actividade				20-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Crear un grupo de traballo para deseñar a rúbrica que máis se axeite a avaliación deste proxecto transversal	Equipo directivo, equipo de biblioteca	30/10/22	Asesoría de bibliotecas escolares		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Publicar a rúbrica e dala a coñecer ao alumnado da ESO	Equipo directivo, equipo de biblioteca	15/11/22	Aula virtual, equipamento Edixgal		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Realizar unha avaliación/autoavaliación trimestralmente	Equipo directivo, equipo de biblioteca	10/06/23	Equipamento Edixgal		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
5. OBXECTIVO (1):	Introducir prácticas de autoavaliación e/ou coavaliación na materia “Proxecto competencial” de 1º e 3º da ESO				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	1 práctica da autoavaliación/coavaliación trimestral					
Valor de partida (3)	Sen datos previos					
Valor previsto e data (4)	100% do alumnado autoavaliado/coavaliado			20-06-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Crear os instrumentos máis axeitados para favorecer a autoavaliación e coavaliación nesta nova materia	Xefatura estudos, departamento de orientación, profesorado da materia	30/10/22	Entorno virtual de aprendizaxe Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Dar a coñecer ao alumnado as ferramentas a utilizar para tal fin	Profesorado da materia	15/11/22	Entorno virtual de aprendizaxe Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Realizar unha autoavaliación/coavaliación trimestralmente	Profesorado da materia	20/06/23	Entorno virtual de aprendizaxe Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto ao **equipamento do centro**, e tendo en conta a **información recollida no punto 2.1**:

- Precisaríamos entre 2 e 4 encerados dixitais e proxectores de corta distancia para acadar a dixitalización completa dalgunha aula de desdobres utilizadas no Bac e para a aula de Plástica.

Con respecto aos **servizos dixitais educativos**:

- Un servizo ofrecido pola administración educativa para o almacenamento na nube, facilitando o traballo de xestión do centro, asegurando copias de seguridade de toda a documentación e garantindo a protección de datos esixida pola normativa actual.

- Un servizo e espazo corporativo no que poder compartir documentos de utilidade entre os profesionais dos centros, sen ter que recorrer a servizos alternativos privados como Drive, ...

- Contar cunha plataforma na que abrir unha conta e cargar os vídeos que se elaboran nos centros, sen depender en exclusiva de Youtube.

- Espazos dixitais nos que albergar blogs que se crea no centro, do mesmo xeito que se fai coas webs dos centros, evitando recorrer aos espazos ofrecidos por compañías comerciais.

- Establecer a posibilidade de que ao alumnado teña e xestione unha conta de correo corporativa, que lle permita acceder a todos os servizos dixitais educativos actuais e de nova creación, como os mencionados.

4. Avaliación do plan

Procederase a facer seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos propostos, realizando:

- Unha **avaliación do proceso**, unha vez ao trimestre, valorando a realización das accións, o logro dos resultados sinalados segundo os indicadores asociados aos obxectivos e recollendo as propostas de modificación das accións e de mellora que se consideren oportunas.

- Ao remate do curso realizarase unha **avaliación final**, sobre o conxunto dos obxectivos recollidos no plan de acción e recompilando as propostas finais de mellora que se consideren oportunas.

5. Difusión do plan

Entre o alumnado: porase no seu coñecemento desde as titorías e terano dispoñible na aula virtual do centro e no espazo “alumnado” da páxina web do centro.

Entre as familias: comunicaráselles a través da aplicación Abalarmóbil e nas guías de curso elaboradas para as familias ao comezo dos mesmos de que esta plan está dispoñible na nosa páxina web, no apartado “documentación oficial” da nosa web (onde se dispón tamén o PEC), e tamén na aula virtual do centro.

Entre o profesorado: será presentado nas xuntanzas do Claustro ao comezo de cada curso, ademais de ser enviado por correo electrónico, tendo tamén acceso a el desde a aula virtual do centro e páxina web.